


RESEÑAS



SALAS VIVES, PERE. Clara Hammerl. Una dona de paraula, Pollença (Mallorca), El Gall Editor, 2016, 167 páxinas

Dezasete anos despois de publicar unha excelente biografía de Guillem Cifre, ou se se quere Guillermo Coll y Cifré (ou Guillermo Cifré de Colonia na ortografía castellanizada), Pere Salas achégase neste estudo a quen foi a súa dona, Clara Hammerl, unida ao seu marido, como di Esperanza Bosch no prólogo, por conviccións e amor. De orixe alemá e luterana, uniuse a un proxecto educativo que levou a que Pollença fose considerada como un dos primeiros referentes da difusión por España das ideas da «Institución Libre de Enseñanza» (ILE). Hammerl foi unha persoa dun carácter aberto e cosmopolita que chegou dunha gran cidade europea a unha vila balear, para quedar mergullada nun mundo rural atafegante, impenetrable,

fundamente conservador, no que logrou sobrevivir e contribuír a unha obra social transformadora.

Guillem Cifre foi un grande amigo de mocidade de Cossío. Viviron xuntos cando eran estudantes universitarios, en compañía do músico portugués Alexandre Rei Colaço. E máis tarde cando Cossío visitou Bruxelas, en 1880, para participar no histórico *Congrés Internacional de l'Enseignement* que organizaba a *Ligue Belge de l'Enseignement*, pasaron uns días xuntos visitando o país. En 1888 saíron de Barcelona cara a Zúric onde Cossío ía participar no Congreso de colonias escolares para presentar a primeira experiencia española. Guillem ía atoparse nesa cidade con Clara, pero por algunha razón ela non puido ir e ambos van a Berlín, unha cidade que coñecía xa Cossío de viaxes anteriores. Alí deixou Cossío a Guillem e prudentemente foise a Edimburgo a casa do seu amigo Stuart Henbest Capper, non xa porque quixo deixalos sós, senón tamén porque non desexaba facerse ilusións con outra rapariga que coñecera en Zúric e que enchera de preocupación a Giner.

Guillem e Clara casaron o 7 de outubro de 1889, e os seus primeiros anos en Pollença foron difíciles polo ambiente tan contrario que tiveron que soportar, non xa pola lingua, nun lugar onde apenas se ouía falar castelán, senón polo illamento cultural e o rexeitamento da súa poboación á modernidade que ela representaba. Porén, tiña fe na obra do seu marido, e nesa dedicación tan krausista que tiña Guillem Cifre para tratar de mellorar o mundo mediante a educación. Este libro descríbenos a muller que renunciou a unha vida fácil e aduladora para xunto ao seu marido modernizaren unha contorna que sentiu como súa; e coa

creación da Institución de Ensino [Institución de Ensenyament ou tamén escola de Colonya] de Pollença e a súa caixa de aforros [Caixa d'Estalvis], educar na liberdade a súa mocidade conforme principios krausistas e democráticos, ata tal punto que a Igrexa católica tivo que enviar en 1893 á vila unha Santa Misión para “loitar contra o protestantismo” que o matrimonio, e especialmente ela, representaba.

Pollença non foi unha, entre as moitas influencias territoriais que saíron da ILE; foi a primeira e a única que creou unha fundación financeira que chegaría a ser presidida por unha muller: a propia Clara Hammerl. O que me pareceu máis interesante do libro, foi coñecer a súa traxectoria tras o pasamento do seu esposo, falecido o 4 de xuño de 1908, en Lyon (Francia), en circunstancias moi trágicas, tras a perda dunha parte importante das súas propiedades rurais ao executarse unha hipoteca por un préstamo a un amigo de mocidade que non foi devolto.

Ao falecer o seu home, Clara Hammerl faise cargo da caixa de aforros, dálle continuidade á escola e ocúpase da educación dos seus fillos, Antonia e Guillem, que leva a Madrid a estudaren na ILE. Tamén os levou a Alemaña, onde a filla se distanciara da súa nai por mor dun mozo militar do que estaba namoriscada e que Clara non aprobaba. De regreso a Pollença, o fillo fai o bacharelato baixo a tutela de Margarita Comas, que tamén está a se encargar de dar continuidade á escola de Colonya. Ao terminalo, regresan a Madrid, onde o mozo entra na Residencia de Estudantes. En todo este proceso intervén un dos seus titores que está a seguir moi de preto a súa formación: Cossío.

Entre Clara e Cossío deciden que a formación universitaria de Guillem Cifre Hammerl se realizará en Estados Unidos e para iso a familia ten que vender a propiedade que lle queda, as leiras de Colonya, o que leva a un distanciamento aínda máis grande de Clara coa súa filla Antonia, quen reclama a súa parte e foxe á Argentina en compañía de Esteve Rotger, con quen mantiña unha relación á que a nai tamén se opuña. En xuño de 1920, Clara e o seu fillo Guillem embárcanse en Barcelona rumbo aos Estados Unidos. Alí estudou en Oregón e en 1924 obtén o título de enxeñeiro. A vida en Estados Unidos faille coñecer a Anita Davis coa que casaría tempo despois, e a súa identidade persoal transfórmasse nun país cuxos ideais democráticos están moi próximos á súa formación na ILE e cos eidos culturais da familia. No entanto, non atopa traballo e marcha á Argentina, onde se reúne coa súa irmá Antonia. Alí chega Clara en 1926 desde Pollença, pero é incapaz de manter unha boa relación coa filla, e de improviso colle o seu neto menor (Antonia tiña dous fillos) e regresa cun gran desgusto dos pais que obriga a Antonia a cruzar o Atlántico para ir buscalo. Mentres tanto, Guillem regresa a Oregón onde será xa sempre William, e aínda que traballou a maior parte da súa vida no Brasil, xa sería plenamente norteamericano, sen intención de regresar permanentemente a unha contorna en que só lle quedaba como propiedade unha casa modesta.

Os derradeiros anos de Clara Hammerl en Pollença foron pouco gratificantes. Non era xa a falta de sintonía cunhas forzas vivas que a rexeitaron, senón a ausencia de poder que anos atrás lle dera a caixa de aforros e as súas propiedades rurais. Recibiu alí ao seu fillo Guillem e a súa dona,

Anita Davis. Cando regresaron a Estados Unidos non atopou sentido a seguir na illa e foise novamente ao encontro da súa filla Antonia en Rosario. O matrimonio empobreceuse rapidamente tras a crise de 1929 (Esteve era panadeiro e a Clara parecíalle moi pouca cousa para a súa filla) e perdérono todo. Nun carro meteron as pertenzas que lles quedaban e dirixíronse a Rufino (na provincia de Santa Fe) onde Esteve tiña un curmán. Seguramente Clara estaba sumida nunha profunda tristura (o seu fillo Guillem non tivo descendencia) e os seus últimos anos foron moi crueis e difíciles, vendo como os seus ideais se derrubaban e os seus netos eran pobres e faltos da alta cultura que ela quería transmitirles. Alí faleceu o 9 de outubro de 1931, aos 73 anos.

Pere Salas fai neste libro unha fermosa reflexión sobre a traxectoria vital dunha muller extraordinaria que tivo que abrirse camiño nun ambiente de espesa masculinidade e no que foi libre e tivo vontade para realizar unha misión altruísta, na que cría firmemente e apoiou con abnegación. «Foren 73 anys plens de vivències –di Salas– de tots els matisos i colors, d'experiències i anhels no sempre complerts, però que configuren una vida rica com poques». Salas queixase de que a pesar da riqueza e complexidade da súa vida, Clara Hammerl permaneceu invisible na historia posterior, tanto que nin sequera se publicou unha necrolóxica en Pollença, nin os seus amigos (coa excepción coñecida de Cossío) e ex-alumnos mostraron interese en conservaren a súa memoria. Mesmo Margarita Comas non a cita ao describir a Institució d'Ensenyament de Pollença no seu libro *La coeducación de los sexos*. Un castigo involuntario que tardou moito en ser reparado a unha muller que estivo na vangarda do

papel que hoxe moitas mulleres teñen en condicións de igualdade cos homes.

Finalmente, quería subliñar que cando se ten interese en ler un libro nunha lingua irmá, a vontade pode ante calquera outra barreira idiomática. O tema interesábame moi especialmente e non parei ata acabar as súas 167 páxinas nun catalán que xulgo espléndido. Un prólogo, catorce capítulos e dous apéndices, ademais de fotografías que ilustran moi ben esta biografía. No primeiro apéndice reproducécese un capítulo do libro de Else Seeger, *Streifzüge auf Mallorca*, en que se narra a súa visita a Pollença e o seu encontro con Clara; no segundo, algunhas cartas de Guillem Cifre e Clara Hammerl con Giner e Cossío. Di o autor que esta biografía é unha forma de entender unha experiencia persoal modélica, que axuda a entender, á súa vez, un pouco máis unha época e un espazo concreto. Creo que o conseguíu.

Eugenio OTERO URTAZA
USC